

Autor: **ANTONIO RUBIO**

Ilustrador: **GABRIEL PACHECO**

Encadernado en cartonné

32 páxinas a toda cor. 22x22 cm.

Dispoñible en:

-Galego: "O poliño da abeleira"
Demademora. ISBN 978-84-8464-531-3

-Castelán: "El pollito de la avellaneda"
Libros para Soñar. ISBN 978-84-96388-12-3

Prezo: 13 €



O POLIÑO DA ABELEIRA

Había unha vez un poliño que estaba comendo coa súa mamá galiña baixo unha abeleira. Nestas atragoouse cunha abelá e case afoxa. Entón a mamá galiña correu á casa da ama:

-Ama, veña á abeleira a sacarlle ao meu poliño unha abelá.

Non se faga de rogar, que pode afoxar.

KALANDRAKA presenta a adaptación dun conto tradicional, orixinario de Cuenca, para primeiros lectores. Trátase dun relato rimado de estrutura acumulativa e encadeada, cun ritmo que se basea na repetición dun retrouso.

A galiña recorre a diferentes personaxes que deben axudarlle a salvar o seu poliño. Todos deben proporcionarlle un elemento que á súa vez é unha condición imprescindible para que cada un faga unha función concreta: a nube dá auga da que se nutre o prado, este vez produce heurba da que se alimenta unha cabuxa, que debe suministrarlle coiro ao zapateiro para que este faga o calzado da ama da abeleira onde picotean a galiña e o seu poliño.

ANTONIO RUBIO

(El Puente del Arzobispo, Toledo. 1953)

"Poeta e mestre, bibliófilo e amante do alfabeto", como el mesmo se define. Estudou Maxisterio e actualmente exerce a súa tarefa pedagóxica en Madrid, compaxinando a súa profesión coa afección pola literatura e as súas colaboracións en medios de comunicación. KALANDRAKA editou varias obras súas, como "A merliña" e os cinco títulos que compoñen a colección "Do berce á lúa", baseada no concepto de pictograma poético ou poograma, dirixida a pre-lectores de cero a tres anos.

- **Temática:** conto popular acumulativo
- **Idade recomendada:** primeiros lectores
- **Aspectos destacables:** texto rimado, mestura de texturas nas ilustracións; editado en italiano ("Il pulchinetto del boschetto")
- **Aplicacións:** desenvolvemento mnemotécnico, xogos con versos, elementos da natureza, animais, oficios

GABRIEL PACHECO (México DF, 1973)

Graduado en Escenografía pola Escola Nacional de Teatro do Instituto Nacional de Belas Artes e Literatura (INBA). A súa irmá, diseñadora e especialista no eido infantil, introduciuno na ilustración de álbums para nenos e mozos, un traballo que desenvolve dende 1997 con "liberdade e desenfado". A evocación e o diálogo co pasado son as claves do seu traballo: "Podes pintar unha árbore vermella ou unha mazá azul, non hai límites", explica Pacheco. Recibiu diversos galardóns, entre os que destacan o premio do X Concurso Internacional de Ilustración Cittá de Chioggia (Venecia) en 2004 e o Premio Internacional do Libro Ilustrado de México en 2000 e 2002. Traballou para outras editoriais como Alaguara, Santillana ou SM.

